



### **Elena González Sánchez**

Tuimil (Lugo) – 1953. Estudiou contabilidade; durante varios anos desempeñou as funcións de técnica comercial. Na actualidade combina a súa labor de presidenta coa de ama de casa.

Tras colaborar durante máis de 12 anos con diferentes organizacións sociais e colectivos da cidade toma contacto co movemento veciñal da man da A.V. "Camiño Vello" de Coia onde se responsabilizará da vogalía de transporte e do plan de rehabilitación de tellados e fachadas das vivendas sociais de Coia, asumindo tamén as funcións de secretaria. É elixida presidenta desta asociación desde 1993 ata 2003, ano no que comeza a exercer o seu actual cargo de presidenta na FAVEC.

Sinala que é a firme crenza na democracia participativa como clave para vertebrar a sociedade o que cada día dalle folgos para seguir ao fronte do movemento veciñal.